

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18535 *Real decreto 1631/2011, do 14 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 891/2006, do 21 de xullo, polo que se aproban as normas técnico-sanitarias aplicables aos obxectos de cerámica para uso alimentario.*

O Real decreto 1043/1990, do 27 de xullo, polo que se aproba a Instrución técnico-sanitaria sobre obxectos de cerámica para uso alimentario, incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 84/500/CEE do Consello, do 15 de outubro de 1984, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre obxectos de cerámica destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios. Tras a aprobación da Directiva 2005/31/CE da Comisión, do 29 de abril de 2005, pola que se modifica a Directiva 84/500/CEE do Consello no relativo á declaración de conformidade e aos criterios de realización das análises de obxectos de cerámica destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios, ditouse o Real decreto 891/2006, do 21 de xullo, polo que se aproban as normas técnico-sanitarias aplicables aos obxectos de cerámica para uso alimentario, que non só incorpora a Directiva 2005/31/CE, senón que, en prol dunha maior simplificación e seguridade xurídica, unifica nun único texto esta transposición e mais o Real decreto 1043/1990.

O Real decreto 891/2006, do 21 de xullo, incorpora no número 3 do artigo 11 (métodos de ensaio) unhas condicións adicionais non previstas na Directiva 84/500/CEE, polas que non se consideran aptos para uso alimentario os obxectos de ensaio cando, tras un ensaio de migración, se observen alteracións nas características físicas (turbidez, coloración, precipitación, etc.) da solución de extracción; e, no caso dos obxectos vidrados, cando exista exsudado ao exterior da solución de ensaio nas mostras obxecto de análise.

Pódese dar, daquela, a circunstancia de que determinados obxectos de cerámica cumpran cos criterios sanitarios exixidos na Directiva 84/500/CEE, en canto á migración de chumbo e cadmio, pero que, ao non cumpriren cos criterios adicionais nacionais establecidos no número 3 do artigo 11 do Real decreto 891/2006, do 21 de xullo, non sexa posible a súa comercialización en España. Por outro lado, debe terse en conta que, de acordo co principio de recoñecemento mutuo previsto no Tratado da Unión Europea, estes criterios adicionais non poden aplicarse aos materiais e obxectos terminados que estean legalmente fabricados ou comercializados de acordo con outras especificacións nos outros Estados membros da Unión Europea, nin aos produtos orixenarios dos países da Asociación Europea de Libre Comercio (AELC) que sexan partes contratantes no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (EEE) ou dos Estados que teñan un acordo de asociación alfandegueira coa Unión Europea.

Non obstante, cómpre ter presente ademais que a fabricación destes obxectos debe ser obxecto de control por parte do operador con base nos sistemas de xestión da calidade das súas actividades de fabricación obrigatorios de conformidade co disposto no Regulamento (CE) n.º 2023/2006 da Comisión, do 22 de decembro de 2006, sobre boas prácticas de fabricación de materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos.

O obxecto deste real decreto é a derogación dos criterios adicionais nacionais establecidos no número 3 do artigo 11 do Real decreto 891/2006.

Na súa tramitación foron oídas as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla, os sectores afectados, as asociacións de consumidores e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, do ministro de Industria, Turismo e Comercio, e da ministra de Medio Ambiente, e Medio

Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 891/2006, do 21 de xullo, polo que se aproban as normas técnico-sanitarias aplicables aos obxectos de cerámica para uso alimentario.*

Suprímese o número 3 do artigo 11 do Real decreto 891/2006, do 21 de xullo, polo que se aproban as normas técnico-sanitarias aplicables aos obxectos de cerámica para uso alimentario.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO